

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 25 DE MARZO DE 2022**

Ás 10.00 horas do día 25 de marzo de 2022, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. José Manuel Baltar Blanco

### **Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D.<sup>a</sup> Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D. César Manuel Fernández Gil

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

### **Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Diego Fernández Nogueira

D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández

D. José Ignacio Gómez Pérez

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado

### **Deputados de Democracia Ourenzana:**

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa

**Secretario:** D. Juan Marquina Fuentes

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Mónica Legaspi Díaz

Non asiste o deputado do Grupo Socialista don Rafael Rodríguez Villarino, quen emitiu o sentido do seu voto dos asuntos incluídos na orde do día de xeito non presencial.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto 6º da orde do día e non regresou.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver vídeo acta](#)

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2022.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do 25 de febreiro de 2022.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do 25 de febreiro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

### **2º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS AO POBO UCRAÍNO.**

O Sr. presidente dá lectura á declaración institucional froito do acordo entre os grupos que integran a Corporación Provincial de Ourense, co seguinte contido:

Aprobar a seguinte declaración institucional da Corporación Provincial de Ourense:

“A Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Ourense, como entidade adherida, manifestan a firme censura respecto á agresión que Rusia está a levar a cabo en Ucraína. Como defensores dos dereitos e liberdades das persoas non podemos tolerar ningunha acción que socave os ditos cimentos humanos.

As guerras son unha traxedia e un retroceso da civilización. Non hai nada que xustifique as vítimas mortais e o cruel sufrimento dos superviventes, que marcará o resto das súas vidas. Os

devastadores efectos desestructuran a sociedade moito máis aló do conflito bélico. Danos irreparables que se agravan cada minuto que pasa.

Polo tanto, unimos a nosa voz ás que apremen ao dirixente ruso para que dese os ataques e a invasión do territorio ucraíno inmediatamente, que desista de calquera acción pola forza e retome a negociación como única vía para procurar os seus intereses.

Así mesmo, apoiamos o labor da comunidade internacional por restablecer a paz e salvagardar a independencia de cada país e poñémonos á súa disposición para axudar, dentro das nosas posibilidades, naquelas medidas que procuren a protección e benestar das persoas que foxen do conflito para salvar a vida.

Os ucraínos e as ucraínas poden contar coas entidades locais galegas, que estamos pendentes –con gran preocupación e pesar- do que están a vivir”.

### **3º.- RECOÑECIMENTO DE COMPATIBILIDADE AO EMPREGADO PÚBLICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DON JAIME ANTONIO PINTOS PÉREZ PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES PRIVADAS.-**

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Toma a palabra para sinalar que o seu grupo vai apoiar esta proposta, e lembra que lles tivese gustado que se apoiara igualmente a solicitude de compatibilidade do seu compañeiro Rodríguez Villarino, xa que se trata dun procedemento para medrar profesionalmente e naquel caso negouse por razóns exclusivamente políticas.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Amosa o apoio do Grupo Popular á proposta da Presidencia e lembrando que en todo caso se deben cumprir os requisitos e condicionantes que impón a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade (incluído o voto de don Rafael Rodríguez Villarino), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º.** Recoñecerlle ao empregado público da Deputación Provincial de Ourense don Jaime Antonio Pintos Pérez a compatibilidade co exercicio da actividade privada da avogacía, por

entender que se cumpren os requisitos requiridos pola Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e co condicionante de que a actividade privada autorizada non teña ningunha relación coas que desenvolve nesta Deputación Provincial, que debe cumprir e respectar a xornada e horario de traballo na institución provincial e, por último, que en todo momento o complemento específico ou concepto equiparable que perciba non sexa superior ao 30 por 100 das súas retribucións básicas, excluída a antigüidade.

2º. Inscribir o presente acordo, polo que se recoñece e autoriza a referida compatibilidade para o exercicio de actividades privadas, no Rexistro de Persoal.

3º. Notificarlles o presente acordo ás persoas interesadas.

#### **4º.- PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DOS SEUS ORGANISMOS DEPENDENTES E/OU ADSCRITOS PARA A XESTIÓN E EXECUCIÓN DOS FONDOS “NEXT GENERATION EU”.-**

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que estamos diante dun documento eminentemente administrativo e que a normativa da UE impón como obrigatorio para poder ser entidade executora de proxectos ou subproxectos financiados cos fondos Next Generation. Engade que sería importante que a Deputación colaborase cos concellos da provincia que poidan requirir da elaboración e aprobación deste plan de medidas antifraude.

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza realizando o rogo de que as sesións plenarias se realicen xa co formato ordinario e con todos os deputados e deputadas na súa localización habitual, e así poidan asistir tanto os medios de comunicación como o público interesado, tal e como se informou pola Presidencia na pasada sesión do mes de febreiro. Respecto ao asunto que se está a tratar neste punto da orde do día sinala, como se dixo, que estamos diante dun documento eminentemente administrativo e que o van apoiar. En todo caso agarda que este tipo de documentos se cumpran e as prácticas da Deputación sexan exemplarizantes, xa que esta casa non se caracterizou por xestionar e gastar adecuadamente os fondos europeos, lembrando o proxecto que financiou depuradoras, o plan wimax ou o plan de estacións que non serviron practicamente para nada.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza sinalando que o PRTR obriga ás distintas AAPP que participen nos fondos Next Generation a que nun prazo de noventa días, desde que sexan coñecedores da súa participación como entidade executora destes fondos, a ter aprobado e publicado este tipo de plans. Este documento elaborado pola Deputación, cumpre coas indicacións da normativa comunitaria aplicable, e que en todo caso esta administración, na medida do posible, colaborará cos concellos que o soliciten.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade (incluído o voto de don Rafael Rodríguez Villarino), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o «Plan de medidas antifraude da Deputación de Ourense e dos seus organismos dependentes e/ou adscritos», ao abeiro do previsto no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, que consta incorporado ao expediente electrónico de referencia 2022/3213A con CSV 4162073677443405331.

2º. Publicar o presente acordo, así como o texto íntegro do Plan de medidas antifraude da Deputación de Ourense e dos seus organismos dependentes e/ou adscritos, no BOP e na sede electrónica provincial para xeral coñecemento.

### **5º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA SOLICITARLLE Á XUNTA DE GALICIA UN REPARTO XUSTO, EQUITATIVO E OBXECTIVO DO CANON DA AUGA ENTRE OS CONCELLOS.-**

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda de substitución o Grupo Popular, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Nesta intervención procede a expoñer o contido da súa iniciativa política, na que se sinala que Galicia conta, ademais de cun territorio integrado en concas hidrográficas de xestión do Estado, cunha propia conca hidrográfica integramente incluída no seu territorio. No ámbito territorial desta conca, a Comunidade Autónoma de Galicia dispón de competencia exclusiva e, polo tanto, co axeitado fundamento xurídico debe acadar unha regulación que responda aos seus propios intereses. Ata o momento, neste senso, a comunidade autónoma levou a cabo unha tarefa de regulación en materia de augas, aínda que as normas ditadas se centraron

fundamentalmente no plano organizativo. A política de augas require tamén das infraestruturas imprescindibles para levala a cabo. Esta política de augas de Galicia oriéntase, fundamentalmente, en darlle satisfacción á cidadanía nas súas necesidades de auga potable de calidade, o que implica a depuración e o saneamento das residuais que resulten do consumo urbano que implica, polo tanto, a necesidade de dispoñer de sistemas eficaces de abastecemento e de depuración e saneamento de augas residuais que supón a construción e mantemento de infraestruturas, para as que se precisan recursos financeiros e económicos suficientes. De aí que exista a necesidade de dispoñer dun marco xurídico que regule un sistema tributario, mediante o que os beneficiarios dos servizos de abastecemento e de depuración cooperen na súa construción e mantemento. A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, recolle no capítulo II o “canon da auga”, onde na sección primeira das disposicións xerais, no seu artigo 42, de “creación do canon da auga, ámbito e normativa de aplicación” indica: *Mediante a presente lei crease o canon da auga como tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia con natureza de imposto. O canon da auga aplicarase no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.* Tamén no artigo 43 que regula “natureza e obxecto” defínese o canon da auga como “un tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia con natureza de imposto de carácter real e indirecto e de finalidade extrafiscal afectado ao destino que se indica no artigo seguinte”, o que grava o uso e consumo da auga no territorio de Galicia, a causa da afección ao medio que a súa utilización puidera producir. A citada Lei de Augas de Galicia asume o principio comunitario de recuperación de custos dos servizos relacionados coa auga, por parte de todas as administracións participantes no ciclo da auga. Faino mediante a creación do canon da auga como tributo propio afectado aos programas de gasto da comunidade autónoma en materia do ciclo da auga, como se sinala no artigo 44, e coa do coeficiente de vertedura a sistemas de depuración, como taxa específica para a prestación deste servizo por parte da administración hidráulica de Galicia. Algunhas das obrigas da administración autonómica cos concellos recollidas na Lei de Augas de Galicia, que regula a afectación do produto do canon son: *A recadación que se obteña co canon da auga queda afectada ao desenvolvemento de programas de gasto que promovan: a) A prevención na orixe da contaminación e a recuperación e mantemento dos caudais ecolóxicos. b) A consecución dos obxectivos medioambientais fixados pola lexislación e a planificación hidrolóxica de aplicación, e particularmente a dotación dos gastos de investimento,*

*explotación e xestión das infraestruturas que se prevexan. c) O apoio económico ás administracións que dentro da Comunidade Autónoma de Galicia exerzan competencias no ámbito do ciclo urbano da auga. d) Calquera outros gastos que xere o cumprimento das funcións que se atribuían a Augas de Galicia.* Segundo esta lei, na facturación do recibo da auga que os concellos lle cobran á veciñanza, existe unha parte fixa por bloques e outra variable en función do consumo, a través do canon de saneamento. Esta recadación que se produce nos concellos galegos serve para financiar actuacións de mellora en materia de abastecemento, saneamento e explotación de depuradoras de augas residuais e para a xestión dos ríos. Isto ten como un dos seus obxectivos primordiais fomentar o uso racional da auga e o seu aforro. Estaríamos de acordo con estes criterios e cos expostos con anterioridade, se realmente se cumpriran os obxectivos de forma equitativa e xusta para todos os concellos se ese canon que recadan as entidades locais dos impostos de todos os veciños e veciñas serviran para cumprir con ese fin. A realidade dista moito do que se recolle na norma, producíndose o paradoxo de que hai concellos que fan achegas moi elevadas á Xunta con este canon, no que os concellos só exercen función recadatoria da propia Xunta e, pola contra, moitos deles levan anos sen recibir ningún investimento por parte do ente encargado de dotar de infraestruturas e mantemento destas en cada concello, que recae en Augas de Galicia. Esta situación de falta de investimento céntrase maioritariamente en concellos de diferente cor política á do goberno da Xunta de Galicia, en moitos casos, cun agravante: existen concellos que non cobran polo recibo da auga á veciñanza a través da recadación municipal e que son perceptores de obras hidráulicas por parte de Augas de Galicia, resultando insolidario e inxusto para a veciñanza, en comparación cos territorios que si cumpren co indicado na norma. Desde o PSdeG-PSOE consideramos que é preciso un cambio nos criterios de distribución dos fondos do canon que deben ser xustos, equitativos e obxectivos, sendo o concello que recada o beneficiario da súa propia achega. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte proposta de acordo: 1. Instar á Xunta de Galicia a que o canon que recadan os concellos á veciñanza, a través do recibo municipal de abastecemento e saneamento da auga, repercute a través dunha porcentaxe fixa anual en obras hidráulicas nos concellos que cumpren as normas fixadas pola propia administración autonómica. Como exemplos de todo o indicado sinala o caso do concello de Ribadavia que desde o ano 2009 leva recadados preto dun millón catrocentos mil euros do canon da auga para a Xunta de Galicia e non recibiu investimento

ningún, engadindo que existen outros exemplos como o concello do Barco de Valdeorras nunha situación parecida. Existe ademais un factor engadido xa que hai concellos que incumprindo a lei por non cobrar o canon da auga, si reciben investimentos de Augas de Galicia.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Manifesta que considera máis axeitada a emenda que presenta o Grupo Popular, indicando que non vai volver sacar os datos das subvencións e do seu reparto que realiza a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, por non ser repetitiva, pero que todos coñecen moi ben.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que a proposta do acordo do BNG é dificilmente discutible, e que o PP podería ter sido construtivo e tramitar a súa emenda como unha adición ou transacción, xa que a emenda que presentan a considera bastante demagóxica. Como conclusión sinala que o desexable sería que neste punto se chegara a un acordo entre o grupo proponente e o grupo que realiza a emenda para aprobar a proposta orixinal do grupo do PS de G-PSOE que non presenta ningún tipo de problema para ser apoiada e, porqué non, engadir o segundo punto da emenda do Grupo Popular, xa que semella tratarase de algo lóxico e que ambas propostas van relacionadas xa que estamos a falar en ambos casos da calidade das augas que van polos nosos ríos e no beneficio da nosa veciñanza. Remata indicando que de non aceptarse este acordo transaccional, o BNG vai apoiar a proposta orixinal e non a emenda do PP, máis pola forma que polo fondo, xa que está de acordo coa reivindicación pero non coa súa tramitación como unha emenda de substitución.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Comeza a súa intervención sinalando que o Grupo Popular non está a rexeitar a proposta do Grupo Socialista, senón que a está a mellorar e enriquecer, suprimindo un pequeno parágrafo que fala da porcentaxe, xa que pode ser contradictorio, xa que se pode dar o caso de concellos que precisen de máis contía en investimentos hidráulicos do que recadan polo canon da auga, e engadindo unha proposta xusta e coherente para instar á Confederación Hidrográfica Miño Sil e á Confederación Hidrográfica do Douro, como administracións hidráulicas, que planifiquen investimentos en todos os concellos das súas demarcacións, independentemente da súa cor política, que redunden en beneficios medioambientais para todos os veciños da provincia . Seguidamente engade que a Xunta xa está a investir na meirande parte de concellos e na maioría delas superando o importe recadado polo canon da auga e que parece que o Grupo

Socialista non entende que abastecemento, saneamento e depuración son competencias exclusivamente municipais e a isto axuda a Xunta de Galicia tecnicamente e economicamente, tendo investido desde o ano 2009 preto de mil cen millóns de euros en mellorar as infraestruturas municipais de saneamento, depuración e saneamento. As deputacións ademais teñen a obriga de asistir e cooperar coas EELL da provincia nestas materias, lembrando o importante papel desta Deputación coas asistencias técnicas que presta Aquaourense e a xestión do Consorcio de Augas de Valdeorras. Por último sinala que a taxa polo canon da auga que se paga na nosa CA e das máis baixas do Estado e volve insistir en que a porcentaxe de investimento de Augas de Galicia en moitos concellos é superior ao importe do recadado polo canon da auga, e que onde non sexa así, o será nun futuro próximo. Sobre a acusación do Grupo Socialista de que Augas de Galicia inviste en función da cor política dos concellos, sinala que se trata dunha mentira, facilmente rebatible polo feito de que os investimentos máis elevados proceden de fondos FEDER, cuxos criterios están establecidos nun anexo no programa operativo correspondente. O anteproxecto da lei da mellora da xestión do ciclo integral da auga, que ven de iniciar a súa tramitación parlamentaria, ten como obxectivo mellorar a calidade da auga dos ríos e rías de Galicia e atender as necesidades de apoio dos concellos no exercicio das súas competencias de abastecemento, depuración e saneamento, e regulando este apoio para que sexa máis igualitario, eficiente e responsable.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): (Antes de comezar esta segunda quenda de intervención procede a entregar a todos os deputados e deputadas unha copia da emenda do seu grupo á emenda do Grupo Popular, presentada no rexistro xeral electrónico da Deputación minutos antes de comezar o pleno, así como unha folla cos datos de investimentos en concellos da CH nos anos do 2019 ao 2022). Comeza anunciando que como norma xeral se opoñen ás emendas de substitución, pero neste caso, fixémos algo que nos parece compatible para que non teñan escusas á hora de votar, incorporando o texto da emenda do grupo popular, e un terceiro parágrafo para instar á Deputación Provincial a que planifique investimentos en todos os concellos da provincia independentemente da súa cor política e que redunden en beneficios medioambientais para toda a veciñanza da provincia equitativamente. Seguidamente indica que ninguén se debería negar a apoiar este texto, xa que inclúe ás CCHH tan deostadas polo Grupo Popular no seu reparto de fondos e investimentos. A continuación procede a dar lectura a datos relativos a investimentos da CH nos anos 2019 a 2022 nesta

provincia, indicando que en concellos do PSOE foron de seis millóns cincocentos mil euros aproximadamente e de seis millóns cen mil euros aproximadamente en concellos do PP. Engade que si comparamos este reparto, cos datos perversos do reparto de fondos que realiza esta Deputación, o debate está fora de toda dúbida, ao igual que o reparto que fai Augas de Galicia. Remata indicando que se o Partido Popular non apoia esta proposta, a mensaxe que traslada á veciñanza é a de que, nas institucións que goberna, non quere reparto xusto e equitativo de fondos, pero si o quere nas que non goberna. A continuación refírese ao voceiro do Grupo Popular ao respecto da afirmación que fixo de que hai concellos que non cobran a auga pero que pagan o canon a través de sancións, e que isto é o mesmo que dicir que os señores que non pagan a facenda pagan máis tarde obrigados a través de sancións. Remata solicitando que se acepte a emenda de adición que realiza o Grupo Socialista para mellorar a súa proposta orixinal e a emenda do Grupo Popular sobre a CH.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza preguntándolle ao Grupo Socialista porqué razón se rexistra esta emenda hai escasos minutos cando desde o mércores todos os deputados e deputadas recibiron a emenda do Grupo Popular, e pide que se dea unha explicación democrática e coherente a esta picaresca forma de actuar. Sobre o listado de investimentos da CH facilitado polo Grupo Socialista sinala que este xa indica como se fan as cousas, xa que hai 17 concellos gobernados ou cogobernados polo PSOE e 10 gobernados ou cogobernados polo PP, cando a porcentaxe de concellos gobernados polo PP é bastante maior. Para rematar volve insistir en que se lle aclare porqué razón se presentou esta emenda do Grupo Socialista hai escasos minutos e sen darlles tempo aos diferentes grupos a preparar as súas intervencións.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que hai que recoñecerlle ao Grupo Socialista que nesta ocasión tivo cintura e habilidade, e a partir de aí podemos estar máis ou menos de acordo co que se trae. Respecto aos investimentos da CH e da Xunta de Galicia indica que se bota de menos o nome dalgúns concellos, e que o desexable sería que todas as AAPP, especialmente Augas de Galicia e CH, poñan os medios para unha colaboración xusta cos concellos desta provincia. Remata indicando que a pelota queda no tellado dos grupos popular e socialista para ver se hai acordo sobre a votación deste asunto da orde do día, e que debería haber tal acordo, porque en todo caso se trata de reclamar algo que beneficiará aos concellos e á veciñanza da provincia.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Intervén para manifestar, respecto dos datos de investimentos da CH en concellos facilitados polo Grupo Socialista, que a información relativa ao concello de Ourense se debe tratar dunha infraestrutura para dar servizo ao concello limítrofe de Coles e que descoñece se a cantidade está imputada a un ou outro concello. Sobre as demandas á CH indica que estas poden ser de investimentos pero tamén de xestión, indicando que o concello está tramitando a reconstrución das termas da Chavasqueira, e que se remitiu toda a documentación solicitada a este organismo e levamos moitos meses esperando a que resolvan.

- 2ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Sendo breve, sinala que a súa emenda e proposta é a que consideran máis xusta e coherente, xa que se trata de instar aos organismos con competencias hidráulicas. Pregunta a continuación cal é a porcentaxe que a CH inviste nos concellos do canon que recada nos encoros, ou co canon de vertidos, ou a taxa de canoas e salvamentos, indicando que por exemplo o que recada a Xunta de Galicia do canon eólico si vai ao fondo de compensación ambiental para os concellos.

- quenda de peche Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando respecto da intervención do voceiro do grupo de DO que precisamente ese investimento non aparece recollido nos datos facilitados. Engade que non hai nada peor en política que, para non votar algo, dicir que se presenta tarde, lembrado que o Grupo Popular e o grupo de VOX no Parlamento nacional presentan emendas e mocións a todas horas pola suposta urxencia. Remata sinalando que o Grupo Popular queda retratado nesta votación, a que queda moi claro que o que queren é seguir caciqueando cos fondos públicos desta Deputación. Engade que instar á Deputación a que invista en obras hidráulicas non está para nada fóra de lugar, e que en moitos casos xa se financiou a achega municipal que deben facer os concellos en determinados investimentos da CH ou Augas de Galicia, e que a colaboración da Deputación debe quedar establecida e debe dirixirse a todos os concellos, os que o pidan e os que non o pidan, a través de liñas xustas e equitativas. Para rematar pregúntalle á Presidencia cal é o procedemento para a votación pero que en todo caso eles van apoiar a súa emenda pero non a do Grupo Popular.

A continuación a Presidencia cédelle a palabra ao secretario para que se pronuncie ao respecto dese documento presentado e rexistrado polo Grupo Socialista no día de hoxe. O secretario informa que a emenda do Grupo Socialista foi rexistrada ás 09.26 horas e que en Secretaría Xeral se tivo coñecemento dela unha vez comezado o pleno, momento no que foi remitida a

todos os grupos. Respecto a este documento que se denomina “emenda do Grupo Socialista á emenda de substitución do Grupo Popular”, sinala que as emendas, segundo o regulamento orgánico provincial, só poden referirse ás mocións, ditames ou propostas, polo que debe tramitarse, como xa se ten feito neste pleno noutras sesións, como unha modificación ou “autoemenda” da súa moción ou proposta orixinal. A continuación sinala que o documento que se debe votar é a moción modificada do grupo proponente, e que se o Grupo Popular non quere votar o punto terceiro tal e como se presentou, as vías que lle quedarían serían as previstas no regulamento de solicitar a votación por puntos ou a emenda in voce.

A Presidencia a continuación indica que logo das explicacións do secretario hai que someter a votación dous documentos, pedíndolle ao Grupo Socialista que elixa cal dos dous seus quere que se vote, a moción orixinal ou a moción emendada polo propio grupo proponente. Logo dun breve debate no Grupo Socialista, a Presidencia indica entón que se votará a moción emendada do Grupo Socialista, e a emenda de substitución do Grupo Popular.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a moción modificada do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9, incluído o voto de don Rafael Rodríguez Villarino) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12), de DO (2) e da deputada non adscrita.

A continuación somete a votación a emenda de substitución do Grupo Popular, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (2) e da deputada non adscrita e o voto en contra do Grupo Socialista (9, incluído o voto de don Rafael Rodríguez Villarino) e do BNG (1).

Polo exposto, o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a que o canon que recadan os concellos á veciñanza, a través do recibo municipal de abastecemento e saneamento da auga, repercuta en obras hidráulicas nos concellos que cumpren as normas fixadas pola propia administración autonómica.

2º.- Instar á Confederación Hidrografía Miño-Sil e á Confederación Hidrográfica do Douro que planifiquen investimentos en todos os concellos das súas demarcacións, independentemente da súa cor política, que redunden en beneficios medioambientais para todos os veciños da provincia.

## **6º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A VERTEBRACIÓN TRANSFRONTEIRIZA DO SUROESTE OURENSÁN.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza expoñendo o contido da súa moción, na que sinala que o BNG ven demandando ante o Estado e Xunta a necesidade do desdoblamento e mellora a AG-31 para completar os tramos de Celanova ata a fronteira portuguesa, unha demanda das veciñas e veciños da comarca da Baixa Limia que se remonta ata dúas décadas. Esta demanda que o BNG presentou en diversas institucións, e que demandou a diferentes gobernos do Estado, dun e doutra cor política, volta ser unha recente demanda de diversos sectores sociais e económicos, mesmo por asociacións de comerciantes e empresarios/as da propia cidade de Ourense. Recentemente o Pleno do Concello de Vereá ven de aprobar, por unanimidade, unha moción na que se lle reclama á Xunta de Galiza que dea continuidade á autovía de Celanova (AG-31) ata a fronteira da Madalena (Lobios). A adxudicación do proxecto de conexión do eixo de comunicación da A-52 Celanova- fronteira portuguesa foi publicado no Diario Oficial de Galiza, en de abril de 2009, durante o bipartito, e tiña previsto o inicio da construción dos 20 quilómetros do novo tramo nese mesmo ano, que porén foi finalmente paralizado tras o cambio de goberno, sen que conste a existencia de actuación posterior ningunha para a tan necesaria vertebración territorial da eurorexión, aprazándose máis unha vez a realización dos necesarios investimentos para o desenvolvemento do rural ourensán. Aquela infraestrutura tería, dende o primeiro momento, as características de autovía entre a A-52, a autovía das Rías Baixas, e a localidade ourensá, que ademais estaría libre de peaxes. Esas obras, que contemplaría ademais melloras na estrada actual e incorporaría varias variantes en Vereá e Bande, adxudicárianse a unha empresa concesionaria con sede e capital galegos, que asumiría a construción e explotación desta nova vía, así como o seu mantemento durante os seguintes 30 anos. Como contra prestación a Xunta aboaríalle á concesionaria un canon de demanda por cada vehículo que circulase. Esta infraestrutura permitiría conectar o suroeste da provincia e a súa capitalidade cunha rexión de preto de tres millóns de habitantes que viven no norte de Portugal e estarían a pouco máis dunha hora da capital, Ourense; o aeroporto Sá Carneiro (O Porto) quedaría a hora e media de Ourense; o polígono de San Cibrao a hora e media da segunda cidade de Portugal (O Porto) e a unha

hora de Braga, que é a terceira; toda a Galiza interior e o norte de Portugal beneficiaríanse dunha boa vía de comunicación que favoreza o intercambio de persoas e mercancías entre ámbalas dúas zonas. Resulta de especial importancia retomar este proxecto nestes momentos por dous principais motivos. En primeiro lugar a situación portuguesa e a posibilidade de acceder aos fondos de “Next Generation”. En Portugal está desenvolvéndose a prolongación da vía rápida IC-28, desde Ponte Barca ata o mesmo punto no que remataría a AG-31. Agora hai desde ambos lados da raia a mesma demanda, na zona portuguesa vense demandando do goberno portugués a conexión da comarca do Alto Minho ata A Madalena (Lobios). Os municipios como Melgaço, Arcos de Valdevez, Ponte Barca, Terras do Bouro ou Ponte da Lima levan dous anos deseñando un plan estratéxico para aproveitar esta ampliación. Por outra banda, as obras de conexión de Celanova coa fronteira portuguesa taxadas en 2009 por 121 millóns de Euros, poderían supor un menor impacto económico nas arcas públicas, e verse minorada esa cantidade, ante a posibilidade de acceder aos fondos “Next Generation”. Considerando que non hai mellor programa “transfronteirizo” que o de eliminar barreiras e comezar a vivir de fronte e non de costas aos nosos veciños e veciñas de Portugal sometemos á consideración do pleno provincial os seguintes acordos: 1. Instar ao goberno da Xunta de Galiza a retomar o proxecto para a ampliación da AG-31 para completar o tramo de Celanova ata a fronteira portuguesa na Madalena (Lobios). 2. Demandar da Xunta o compromiso de que o dito proxecto garanta a inclusión de variantes de entrada e saída da autovía nas localidades de Vereá e Bande, para que a autovía non atravesese ningún núcleo de poboación destes concellos, pois faría que xa non fose unha verdadeira autovía, e causaría graves consecuencias na veciñanza. 3. Instar á Xunta de Galiza á realización dunha infraestrutura viaria que facilite a conexión entre a OU-540 e Xinzo da Limia. 4. Demandar que a análise de impacto ambiental, teña en conta a reposición de camiños e vías pecuarias, co fin de identificar e valorar as súas consecuencias medioambientais no entorno. 5. Instar ao goberno do Estado a dispoñer de fondos europeos “Next Generation” para as obras desta infraestrutura.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza sinalando que esta petición do BNG é xusta e recolle as inxerencias de moitos concellos e dos ourensáns en xeral, polo que a apoiará.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala igualmente que van apoiar esta moción do BNG e que no concello de Ourense se tramitará unha moción similar polo beneficio que suporía para a cidade e para a provincia.
- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que estamos ante unha moción moi acaída neste intre, cando acabamos de recibir a presentación do proxecto de mellora da estrada OU-540 entre Celanova e a fronteira da Madalena, lembrando que a nosa provincia e das que maior extensión de treito fronteirizo ten con Portugal, de máis de 200 km, e tan só un paso competitivo que é o de Chaves-Verín. Esta provincia merece esta autovía ou cando menos unha vía de alta capacidade que conecte a provincia co norte de Portugal, e que desde hai moitos anos desde o PS de G-PSOE se ven reivindicando esta conexión entre os dous lados da raia, e que agora cobra máis importancia coa chegada do AVE á provincia que é unha gran oportunidade. Ao tratarse dunha autovía transfronteiriza debe contarse tamén coa Administración do Estado pero que a Xunta de Galicia está facendo abandono de funcións por non afrontar os seus compromisos e a parte que lle toca, como si está a facer noutras provincias da nosa CA.
- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que o seu grupo vai apoiar esta moción do BNG, se ben quere aclarar que están claramente a favor da prolongación da AG-31 á fronteira con Portugal, e das variantes de Vereia e Bande. Conectar a OU-540 con Xinzo de Limia debe ser tamén unha prioridade, previo análise e estudo das diferentes posibilidades. En relación co impacto ambiental e servizos afectados tamén están de acordo, por afectar a zonas de Rede Natura 2000, así como a disposición de fondos europeos. Desde hai moitos anos os representantes políticos da Baixa Limia vimos reclamando melloras ano tras ano para artellar o eixo atlántico e a Eurorexión Galicia-Norte de Portugal. Lembra que a AG-31 foi un investimento da Xunta de Galicia en época de crise, e financiado unicamente por esta Administración. En todo caso tras a presentación do proxecto de mellora da estrada que conecta a Baixa Limia coa fronteira de Portugal, por importe de 10,3 millóns de euros, que consideran satisfactoria, estudárase o proxecto para facer alegacións se se considera preciso, e sen renunciar á conexión por autovía. A Xunta de Galicia tamén apoiaría esta infraestrutura pero non debemos esquecer que a conexión necesitaría dun acordo internacional entre ambos Estados polo seu carácter transfronteirizo, como se fixo en Chaves-Verín, e para isto os fondos Next Generation son unha oportunidade única que debe afrontar o Goberno de Estado, e que xa foi reivindicada pola Xunta de Galicia.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza agradecendo o voto favorable de todos os grupos a esta moción, polo que os convida a seguir tirando deste carro e a instar á Xunta e ao Estado e executar esta infraestrutura. Súmase ao indicado polo voceiro do Grupo Socialista para criticar as desafortunadas declaracións da conselleira da Xunta de Galicia, que botou balóns fóra, e sen obviar que dentro das súas responsabilidades está a de instar ao Estado a executar esta necesaria infraestrutura. Engade que algo se bota en falta cando ante a presentación desta mellora da estrada non se produciron aplausos, parecendo que a proposta non deixou satisfeitos á maioría dos presentes no acto de presentación. Nesta caso semella que as obras de mellora non van solucionar as demandas que existen, e que o goberno portugués ten moi clara a importancia da baza transfronteiriza entre Galicia e o norte de Portugal, e non así o Goberno de España. Remata indicando que este tipo de actuacións como a que se demanda na moción, debera ser das máis acaídas para loitar contra o despoboamento e a chamada “España baleirada”.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Intervén para salientar a importancia desta autovía para os concellos desta comarca e para a provincia en xeral, e que sería fundamental que organismos como o Eixo Atlántico, presionen para conseguir esta ansiada e necesaria infraestrutura, para mellorar os lazos de confraternidade e de competitividade entre ámbolos dous lados da raia.

- 2ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Indica sobre as desafortunadas declaracións da conselleira, que considera a mellora da estrada OU-540 como un “proxecto moi ambicioso”, cando unha mellora ambiciosa é por exemplo o “corredor Monforte-Nadela”. Estamos ante unha reforma nimia, moi pobre e que representa un agravio coa nosa provincia, prexudicando a conexión con Portugal porque non atalla o problema, amosando unha vez máis o pouco afecto do Goberno da Xunta con esta provincia, e que a satisfacción que sinalan os alcaldes do Partido Popular o é coa boca pequena. Sobre o investimento proxectado sinala que da súa lectura se deduce que atravesa un total de 14 travesías, contén 9 melloras de interseccións, hai 7 carrís adicionais, unha única mellora dunha curva e hai dúas glorietas. A obra consiste fundamentalmente en aproveitar o trazado existente e mellorar a capa de rodadura, así como reforzo de firme e humanización de núcleos e cunetas de seguridade. O custo de execución material é de entorno a sete millóns de euros, o que amosa a escasa contía do investimento.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Indica que na súa primeira intervención xa trasladou a súa demanda de prolongación da AG-31, e que a resposta do goberno socialista de Madrid foi “nada”. Esta prolongación tería hoxe unha grandísima oportunidade cos fondos Next Generation e a quen vai reclamar entón o Grupo Socialista a prolongación desta autovía, que nun exercicio de nula coherencia vai contra a Xunta para non molestar ao Goberno Central. A continuación pregunta cantos concellos do PSOE e do BNG van demandar investimentos no rural ao goberno de España, e iso non é coherencia, senón demagogia e oportunismo político, e aínda máis pretender agora liderar a prolongación da AG-31. O reparto que fai o Goberno dos fondos Next Generation destinados á mobilidade, priorizan aos concellos de máis de 50.000 habitantes e discrimina aos máis pequenos e aos rurais, e de aplicar a Xunta os mesmos criterios que aplica o Estado para os seus investimentos en estradas, non se podería actuar na Baixa Limia.

- quenda de peche Bernardo Varela (grupo do BNG): Indica que se queda con que nesta moción se insta tanto á Xunta de Galicia como ao Estado. Engade que eles non están conformes co reparto que se está a facer dos fondos Next Generation, que prexudican aos concellos e ao rural, cando sería moito máis sinxelo outro sistema de reparto. Engade que a AG-31 desde o 2013 non se mellorou, e que a infraestrutura anunciada pola Xunta de Galicia non resolve a conexión con Portugal, tan necesaria para o desenvolvemento do noso territorio. O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade (incluído o voto de don Rafael Rodríguez Villarino), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar ao goberno da Xunta de Galicia a retomar o proxecto para a ampliación da AG-31 para completar o tramo de Celanova ata a fronteira portuguesa na Madalena (Lobios).
2. Demandar da Xunta o compromiso de que o dito proxecto garanta a inclusión de variantes de entrada e saída da autovía nas localidades de Vereá e Bande, para que a autovía non atravesase ningún núcleo de poboación destes concellos, pois faría que xa non fose unha verdadeira autovía, e causaría graves consecuencias na veciñanza.
3. Instar á Xunta de Galicia á realización dunha infraestrutura viaria que facilite a conexión entre a OU-540 e Xinzo de Limia.

4. Demandar que a análise de impacto ambiental teña en conta a reposición de camiños e vías pecuarias, co fin de identificar e valorar as súas consecuencias medioambientais no contorno.
5. Instar ao goberno do Estado a dispoñibilizar fondos europeos “Next Generation” para as obras desta infraestrutura.

### **7º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A DESCENTRALIZACIÓN DE ÓRGANOS DA XUNTA DE GALICIA NA PROVINCIA DE OURENSE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Comeza expondo o contido da moción do seu grupo na que se sinala que o reto demográfico contra o despoboamento é unha cuestión de loita contra a desigualdade e a inxustiza. O proceso de recuperación e reversión da situación actual nos territorios máis afectados por este problema debe fundamentarse nun compromiso compartido, no que as administracións públicas asuman parte da súa responsabilidade nun proceso que, no fondo, debe afrontar a sociedade no seu conxunto. Está comprobado que avanzar na descentralización de actividades e infraestruturas públicas nos territorios distintos das cidades que ostentan a condición de capital administrativa, contribúe a frear ou reverter considerablemente esta tendencia poboacional negativa e a xerar innovación, actividade económica e emprego de calidade nas zonas afectadas polo declive demográfico. Situar sedes de organismos que dependen de ministerios ou consellerías en cidades distintas a Madrid e Santiago de Compostela non é un debate novo, pero si está máis vivo ante a súa posta en marcha por parte dalgúns gobernos autonómicos e do actual Goberno central. Estamos ante un asunto que ten que ver co centralismo económico e co poder administrativo e social, que pode ser fundamental para o futuro de territorios con problemas. As dinámicas económicas creadas polos empregados e empregadas públicos, as empresas que traballan coas administracións e os servizos transversais asociados a estas instalacións, benefician claramente ás localidades onde están asentadas. Os exemplos de descentralización de institucións dos gobernos autonómicos son varios. En Murcia, a Consellería de Presidencia, Turismo e Deportes está en Cartaxena e non na capital rexional. A Consellería de Universidade, Innovación e Transformación Dixital de Navarra está en Sarriguren e non en Pamplona. Na Comunidade Valenciana, o goberno situou en Alacante a Consellería de Innovación,

Universidade, Ciencia e Sociedade Dixital, cun basto orzamento de máis de 1.000 millóns. Pero este non é o único órgano de primeiro ou segundo nivel fóra de Valencia capital. Entre outros exemplos, as axencias de ordenación do territorio e a ferroviaria están en Elxe e Torrent respectivamente e a dirección xeral de Turismo en Benidorm. Tamén Euskadi distribúe órganos propios nas tres provincias vascas, como por exemplo, a televisión autonómica. A descentralización é un gran exemplo nas Illas Canarias, onde o seu estatuto de autonomía determina unha capitalidade compartida entre As Palmas e Santa Cruz de Tenerife; unha alternancia das sedes da presidencia e a vicepresidencia entre ambas provincias en cada lexislatura sen que coincidan ou unha dobre sede do seu tribunal superior nas dúas illas maiores do arquipélago. A Unión Europea practica con intensidade a descentralización e desconcentración dos seus órganos e institucións por todo o continente. O Parlamento Europeo ten dobre sede en Bruxelas (Bélxica) e Estrasburgo (Francia); o Banco Central Europeo está en Alemaña; o Tribunal de Xustiza en Luxemburgo e as axencias europeas –que poderían considerarse ministerios da Unión– teñen sedes en Alemaña, Grecia, Francia, España, Italia, Hungría, Portugal, Países Baixos, Polonia ou Dinamarca. Mesmamente Galicia conta coa sede dunha destas institucións: a Axencia Europea da Pesca en Vigo. A pesar de que moitas institucións estatais xa están fóra da capital do Estado, o Goberno central está a traballar para afondar na descentralización da súa estrutura fóra de Madrid, a través dun plan específico que permita beneficiar ás zonas especialmente afectadas polo despoboamento. O executivo puxo en marcha o ‘plan de medidas do Goberno ante o reto demográfico’, que pon o seu foco no ‘reforzo dos servizos públicos e o impulso da descentralización’ con accións concretas nun dos seus eixos. Mais a Xunta non ten ningunha consellería ou organismo de primeiro ou segundo nivel fóra de Santiago, onde concentra máis do 80 % da súa estrutura. Tampouco manifestou a súa intención de facelo. Así mesmo, outras institucións autonómicas de primeiro nivel como o Parlamento de Galicia, o Valedor do Pobo, a CRTVG ou o Consello Consultivo tamén están radicadas en Compostela. Na nosa comunidade –ao igual que noutras– si está descentralizada a localización do Tribunal Superior de Xustiza, que se atopa na Coruña, pero a localización destes órganos xudiciais responde, na maior parte dos casos, a unha estrutura xudicial preconstitucional herdada e non a unha decisión política dos gobernos ou órganos lexislativos autonómicos. Así pois, Galicia aseméllase moito a outras rexións pluriprovinciais ultracentralizadoras como Cataluña, Castela A Mancha ou

Aragón. Os e as ourensáns non podemos quedar á marxe deste debate público sobre a descentralización. Estamos nunha provincia historicamente maltratada, cunha importante carencia de investimentos en infraestruturas e dotacións e cunha ausencia inaudita de órganos, institucións ou investimentos froito de descentralización. Só podemos citar unha excepción: a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, un organismo de conca creado en 2008 polo executivo de José Luis Rodríguez Zapatero, con competencias intercomunitarias en Galicia, Castela e León e Asturias. Hai que ter en conta que Ourense vén sufrindo un grave proceso de regresión demográfica que ameaza a súa existencia. Perdeu máis de 128.000 nos últimos 40 anos: de 433.000 en 1977 pasouse a só 305.000 en 2021. Un proceso que se agudizou nos últimos lustros cunha sangría poboacional non vista en practicamente ningún outro territorio de Europa, sen que ninguén, desde a administración autonómica, faga nada por poñerlle freo. A administración pública galega resístese a recoñecer medidas contra a realidade da regresión demográfica que sofren as áreas alleas ao Eixo Atlántico, polo que, desde o PSdeG-PSOE de Ourense consideramos que é urxente adoptar solucións consensuadas por todas as forzas políticas e os axentes sociais, xa que estamos ante un problema nuclear para o presente e o futuro. Ademais, os expertos e expertas destacan que a descentralización de actividades administrativas e infraestruturas públicas, cos avances técnicos existentes, non suporía ningún problema práctico de eficacia administrativa. Ante esta desfeita, consideramos que os poderes públicos deben actuar con medidas eficaces, eficientes e realistas. Ourense precisa xa accións baseadas na discriminación positiva real e a descentralización da Xunta de Galicia na provincia debe ser unha delas. Por todo o exposto, o Grupo Socialista presenta a seguinte proposta de acordo: Instar ao goberno da Xunta a que acometa políticas activas de descentralización de actividades administrativas e infraestruturas públicas no marco de reto demográfico, coa finalidade de fixar poboación e impulsar a economía, instalando en Ourense a sede de órganos da administración galega ou das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia. Instar ao Goberno de España a afondar nas políticas activas de descentralización de actividades administrativas e infraestruturas públicas, instalando en Ourense a sede de organismos da Administración Xeral do Estado ou das súas entidades adscritas ou dependentes, no marco de reto demográfico, coa finalidade de fixar poboación e impulsar a economía.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Intervén para sinalar o seu apoio a esta moción do Grupo Socialista, e que se trata dun asunto que concorda coa visión necesaria para revitalizar a nosa provincia.
- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que o BNG tamén apoia esta proposta, e engade que que sería do famoso PIB de Madrid se quitamos os ministerios de alí e as sedes das grandes compañías, que non producen alí e só teñen as oficinas. Sinala que en Madrid non hai un só aeroxerador, pero seguramente alí se pagan máis impostos que en Galicia, onde hai máis de mil. Como mostra, a UE ten moitas das súas sedes e organismos en diferentes cidades, cousa que non sucede nin en España que centraliza todo en Madrid, nin en Galicia, onde se centraliza todo en Santiago de Compostela.
- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Indica que esta é unha reivindicación básica do seu partido e que unha das causas da discriminación da nosa provincia e a tendencia a centralizar case todo en Santiago. Pode ser complicado facer esta descentralización a curto prazo, pero un cambio de orientación sobre as entidades de nova creación debería ser un primeiro paso. Remata indicando o voto favorable a esta moción do Grupo Socialista.
- 1ª intervención Ana Villarino (grupo do PP): Comeza sinalando o voto favorable do seu grupo a esta moción, se ben quere facer algunha matización á exposición de motivos da proposta do Grupo Socialista. Así, manifesta que lles chama a atención que as propostas de acordo se dirixan a instar á descentralización tanto ao Estado como a Xunta de Galicia, mentres que o título da moción só fai referencia á administración autonómica. Engade que só existen 4 CCAA que aplican a descentralización ás súas sedes, e que en Galicia unicamente o TSX de Galicia e a Delegación do Goberno, que están na Coruña, están descentralizados. Igualmente a Xunta de Galicia coas súas delegacións tamén está aplicando a descentralización, a última en Ferrol. Na moción se indica que o único órgano do Estado descentralizado é a CH do Miño-Sil en Ourense, indicando que foi nun goberno socialista, pero omiten que foi a proposta dunha deputada do Partido Popular. Sobre as medidas para a descentralización postas en marcha polo Goberno Central, sinala que non existe apenas orzamento por parte do Estado e que por agora se trata dun anuncio e non se adoptou ningunha medida concreta. Seguidamente engade que grazas ao apoio e iniciativa desta Deputación se vai instalar en Ourense a “Casa da Lusofonía”, que depende do Ministerio de Asuntos Exteriores, e a través dunha proposición non de lei aceptada por todos os grupos resalta o importante papel desta Deputación, e que tamén esta Deputación aplica a

descentralización coa sede que vai implantar na comarca de Valdeorras, e coa proposta xa aprobada no pleno do estado da provincia instando ao goberno do Estado a aplicar a descentralización.

- 2ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que o título da moción se refire unicamente á Xunta de Galicia porque o Estado xa o aprobou e o publicou no BOE. Engade que se a Deputación solicita para a provincia algunha sede, xa sexa do Estado ou da CA, vai contar co apoio do grupo socialista, e que nesta liña debemos estar todos. Sinala que a Xunta de Galicia neste eido ten moito camiño por andar e debe ter unha certa discriminación positiva cara á nosa provincia.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Intervén para manifestar que hoxe o debate o gañou por goleada Ana Villarino, engadindo que unhas veces se gaña e outras se perde.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Reitera o voto favorable do seu grupo a esta moción.

- 1ª intervención Ana Villarino (grupo do PP): Propón, como medida concreta de descentralización, que o Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico abra unha sede ex novo da CH do Douro na comarca de Monterrei.

- quenda de peche Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que o BOE publica a capacidade das diferentes administracións a solicitar as descentralizacións, e que aí é onde as restantes entidades teñen que pedirllas e solicitarllas ao Goberno Central. Na mesma liña indica que debe reivindicarse o mesmo da Xunta de Galicia, preguntando por que razón non podería estar nesta provincia a sede da Consellería do Medio Rural.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade (incluído o voto de don Rafael Rodríguez Villarino), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar ao goberno da Xunta a que acometa políticas activas de descentralización de actividades administrativas e infraestruturas públicas no marco de reto demográfico, coa finalidade de fixar poboación e impulsar a economía, instalando en Ourense a sede de órganos da administración galega ou das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia.
2. Instar ao Goberno de España a afondar nas políticas activas de descentralización de actividades administrativas e infraestruturas públicas, instalando en Ourense a sede de

organismos da Administración Xeral do Estado ou das súas entidades adscritas ou dependentes, no marco de reto demográfico, coa finalidade de fixar poboación e impulsar a economía.

**8º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**9º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS.-**

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno da relación de decretos do mes de febreiro de 2022.

Tamén se dá conta da resolución n.º 2022/2550 de aprobación da liquidación dos orzamentos correspondentes ao exercicio 2021.

Os membros da Corporación quedan informados.

**10º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre se tendo en conta a situación na que se atopa o director técnico do Consorcio Provincial contra Incendios, ¿Está prevista a súa reincorporación nas vindeiras datas? ¿Hai previsión de substitución no caso de non reincorporarse en breve? ¿Considera a Deputación Provincial de Ourense que este servizo está a funcionar correctamente sen a presenza do seu director técnico?

A Presidencia contesta que o director técnico do Consorcio Provincial Contra Incendios esta de baixa dende o 13 de febreiro de 2020 cunha breve reincorporación e posterior recaída ata o día de hoxe. Os datos relativos a saúde están considerados como información sensible, polo que están especialmente protexidos. A protección de datos persoais é un dereito fundamental recollido no artigo 18.4 da Constitución e regulado polo regulamento Europeo de Protección de datos e a Lei de protección de datos. Non podemos coñecer a data de reincorporación. Chegado o momento da resolución da súa baixa tomaranse as decisións oportunas en beneficio do mellor funcionamento do consorcio. Evidentemente non é a situación idónea. Neste momento as súas funcións son realizadas na maior parte polo xerente, a quen por certo aproveito para agradecerlle o esforzo adicional que está a asumir.

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta, indicando que no pasado mes de setembro de 2021 se asinou o contrato para a “reparación e acondicionamento das vías denominadas estrada de San Agustín e a estrada de San Agustín encoro das Pías por Cepedelo n.º 6/16/2021 no Concello de Viana do Bolo”. Segundo indica o documento asinado o “prazo máximo de execución da obra será de 8 meses a contar dende a data da acta de comprobación do planeamento”, que se redactará no prazo máximo dun mes a contar dende a formalización do contrato. ¿Cal é o estado actual das obras? ¿Existe algún retraso na súa execución? ¿Cal é a data previsible de finalización delas?

A Presidencia contesta, dando lectura ao informe solicitado á directora da Área de Infraestruturas da DPO, que vista a solicitude de información relativa ao expediente do asunto, formulada por don Aurentino Alonso Araújo, deputado do Grupo Provincial Socialista da Deputación, no exercicio do seu dereito a obter do Sr. presidente cantos antecedentes, datos ou informacións obren no poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función, informo o seguinte: *Sobre o estado actual das obras*: O 18/11/2021 asinouse unha acta de paralización das obras toda vez que polas súas características (tratamentos superficiais maioritariamente) factores como unha temperatura mínima de 10º e a inexistencia de precipitacións son limitantes para a execución. Na data actual as obras seguen paralizadas. Está prevista a súa continuación nos próximos días. Sobre se *existe algún retraso na súa execución*. Tal e como se explicou no apartado anterior, as obras están paralizadas dende o mes de novembro e o prazo de execución non está correndo. E sobre a data previsible da súa finalización sinala que o prazo de execución das obras é de oito meses. A data da acta de comprobación do planeamento é 30/09/2021 e a data de paralización o 18/11/2021. Quedan aproximadamente 6 meses e medio de execución dende que se redacte a paralización existente.

- Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre que no pasado pleno realizado o 14 de marzo no Concello de Riós o alcalde do Partido Popular, Armando Veiga, anunciaba que no vindeiro pleno do 23 de abril presentaría a súa renuncia como alcalde. Este anuncio faise no mesmo pleno onde se aprobaba un plan de axuste que o deixaría sen a súa retribución anual de máis 45.000 € e deixando no concello unha débeda superior os 325.000 €. Tamén manifestou que a súa substituta na

Alcaldía sería a actual concelleira Eva María Barrio López, actualmente traballadora desta Deputación Provincial de Ourense. ¿Cal é o posto actual da traballadora desta institución Eva María Barrio López? ¿Cales son as súas funcións? ¿Pode a Deputación Provincial de Ourense prescindir deste posto desta traballadora para que poida atender os seus compromisos como futura alcaldesa de Riós?

A Presidencia contesta que a funcionaria a que vostede se refire na actualidade desempeña o posto de xefa de Sección de Zonas Verdes dentro da área de Medio Ambiente-Servizo de Medio Rural-Sección de Zonas Verdes. As súas funcións, como as dos demais traballadores da institución, están recollidas na RPT da Institución. No caso concreto desta traballadora: responsabilidades e atribucións xerais: realización das funcións propias da titulación académica ou profesión de acceso ao emprego público. Dirección, supervisión e coordinación das actividades das unidades administrativas dependentes da Sección. Funcións principais: prestar asistencia técnico-administrativa directa e de carácter operativa no ámbito da sección de Zonas Verdes, no eido da súa capacitación profesional e competencial. Organizar e dirixir o traballo do persoal adscrito á Sección. Elaborar pregos de cláusulas económico - administrativas, bases de convocatorias, convenios e contratos. Responsabilizarse do contrato de explotación dos Centros de Transformación de Biomasa. Realizar tarefas de asistencia ás entidades locais. Prestar asesoramento, no eido das súas competencias e capacitación profesional, cando así sexa requirido dende as diferentes áreas ou servizos. Emisión de informes, dentro do seu eido competencial e profesional. Calquera outra de similar natureza, sempre que resulte adecuada á súa clasificación, grao ou categoría, e propia da área, servizo ou negociado no que se integre o posto. Eva Maria Barrio López é concelleira e funcionaria desta institución e se “chegado o momento” decidira optar á Alcaldía sería, en todo caso, algo ao que tería dereito, segundo o estipulado no artigo 23 da Constitución. A Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas – refire ao ámbito local no art. 2 dicindo que esta Lei será de aplicación ao persoal ao servizo das corporacións locais e dos organismos delas dependentes. E no art. 5 se afirma que: “Por excepción, o persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño dos cargos electivos seguintes: b) Membros das corporacións locais, salvo que desempeñen nelas cargos retribuídos en réxime de dedicación exclusiva”.

- Susana Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre a raíz das noticias que se están a publicar na prensa sobre unha denuncia “por falsear documentos” que a

Fundación Moreiras San Pedro de Rocas fixo contra o presidente desta Deputación Provincial de Ourense e altos cargos da Xunta de Galicia sobre “unha obra ilegal que afecta ao mosteiro máis antigo de Galicia”. ¿En qué situación actual está esta denuncia? ¿Cal é a versión desta Deputación Provincial sobre esta denuncia e cales serán os pasos a seguir? ¿Falseou a Deputación de Ourense no expediente os tramos que se prevían ampliar, tal e como afirma o texto da noticia do xornal público? ¿Por qué figuran puntos quilométricos distintos nos documentos? ¿Manipulouse o documento de autorización das obras emitido pola Xunta de Galicia? ¿Por qué aparece asinado por 2 persoas distintas?

A Presidencia contesta dando lectura ao informe do xefe do Gabinete da Asesoría Xurídica e asistencia a municipios da DPO no que sinala que: *en relación a la pregunta formulada por la Diputada Provincial Doña Susana Rodríguez Estévez informamos lo siguiente: La Diputación Provincial no tiene constancia de la denuncia que se menciona en la pregunta, ningún organismo, administrativo o judicial, ha puesto en conocimiento de esta Diputación la existencia de denuncia alguna dirigida contra ella, ni contra autoridad o funcionario público de esta Institución. Existe un Recurso Contencioso-Administrativo interpuesto por Don Juan Carlos Moreiras Pérez, contra la aprobación del “Proyecto de Acondicionamiento y Mejora integral en la OU-0509, Luintra (OU-0598)- Esgos (OU-536), en el Ayuntamiento de Esgos. Dicho recurso se sigue ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo nº 1 de Ourense. El Juzgado de lo Contencioso-Administrativo dictó un Auto en fecha 22 de diciembre de 2021, ya firme, que desestimó la petición de suspensión del expediente expropiatorio, con condena en costas al recurrente Sr. Moreiras Pérez. Siguiendo los trámites del expediente expropiatorio, ya se levantaron las actas de inmediata ocupación que otorga la posesión del bien a la Diputación Provincial. En la actualidad el expediente expropiatorio ya está en la fase de tramitación de la pieza separada para fijar el justiprecio.*

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta sobre que o 17 de marzo de 2021 se coñeceu a través dos medios de comunicación a anulación por parte do Contencioso-Administrativo número 1 de Ourense do contrato para a xestión da estación de esquí de Manzaneda á empresa Artabria Turismo. É necesario recordar que este proceso gozara xa dunha importante polémica por mor do seu procedemento e da falta de explicacións da Xunta de Galiza e da Deputación de Ourense, institucións nas que o Bloque Nacionalista Galego xa

trasladou no seu día as súas cuestións, respondidas con evasivas. Anteriormente, o día 30 de decembro de 2020 coñeciase a adxudicación sorpresiva do contrato de xestión da estación de montaña de Cabeza de Manzaneda a través dun procedemento que levantou importantes dúbidas e que non fora clarificado, nin tampouco os criterios económicos do contrato desta adxudicación, a unha empresa fundada en febreiro de 2020 e sen aparente experiencia na xestión deste tipo de instalacións. Esta situación, nunha instalación que ten no seu historial constantes problemas de funcionamento e deficiencias de planificación económica, deixaba xa moitas incógnitas no aire que non son propias da transparencia exixíbeis ás administracións públicas. Tras quedar deserto o concurso para a adxudicación do contrato para a xestión da estación de montaña de Cabeza de Manzaneda de meses antes por incumprimento dos requisitos exixidos no prego de condicións polas dúas empresas que se presentaron, na páxina de MEISA non figuraba que se iniciase un novo concurso para adxudicar a xestión da estación. Esta nova adxudicación incumpriría, segundo advertiamos daquela desde o nacionalismo galego, ademais, o último prego de condicións do 30 de xullo de 2020, que as propias institucións, Xunta e Deputación, se deran a si mesmas para contratar con MEISA. Incumpríndose no apartado 7.1 referido á “aptitude do contratista” que establece que só poderían contratar con MEISA as persoas que teñan unha actividade relacionada directamente co obxecto do contrato. Así mesmo, incumprírase o apartado 7.2 referido ás “condicións mínimas de solvencia” que establece que o “volume de negocio, que referido ao ano de maior volume de negocio dos últimos concluídos sexa igual ou superior ao volume do contrato”. Así as cousas, tendo en conta que a adxudicataria non tiña nin sequera un ano de xestión e que, segundo a súa propia páxina web, o único servizo operativo do que dispuña era “un coqueto hotel de sete habitacións” en Panamá, non cumpriría coas condicións do último prego de condicións que levou a que ficase deserto o concurso de adxudicación no mes de outubro de 2020. Esta estación debera ser unha aposta fundamental para as comarcas encadradas no xeodestino Manzaneda-Trevinca. Porén, despois dos inxentes fondos investidos polas administracións públicas, Xunta de Galiza e Deputación, para manter e mellorar, con até 4,5 millóns de euros investidos uns canóns de neve que apenas funcionaron dúas semanas en dous anos, non é aceptable que se faga unha adxudicación deste calibre sen coñecer os aspectos fundamentais da mesma. Demandamos coñecer cuestións relativas ao procedemento de licitación, o informe

previo á adxudicación, os prazos, as garantías de funcionamento, ás posibles melloras, aos criterios económicos desta licitación ou se a Xunta de Galiza e Deputación de Ourense puxeron a disposición fondos públicos para facer fronte as melloras no funcionamento. Así as cousas, na sentenza que vén de coñecerse se sinala a anulación co motivo de que MEISA executou unha adxudicación directa sen publicidade e convidando ao procedemento a unha soa empresa cando debeu, cando menos, convidar tres, xa que tamén agora somos sabedores de que existía unha empresa do ámbito turístico que reiteradamente se interesara polo contrato, sen que sequera se contactara con ela. Incumpríuse, polo tanto, o principio de concorrència e non discriminación segundo o auto xudicial. Entre outras cuestións, a sentenza tamén sinala, ademais, que malia o que argumenta a Xunta de Galiza, non se achega ningún acordo do Consello de Administración en virtude do cal se confira apoderamento á Dra. da Axencia de Turismo para poder contratar directamente en representación da sociedade. Tendo en conta que a Deputación de Ourense conta co 49,45% das accións e a Xunta de Galiza conta co 49,65 % das accións de MEISA, entendemos que os responsábeis políticos da ambas Administracións (por certo do Partido Popular) deben dar explicacións e asumir responsabilidades como consecuencia da sentenza xudicial condenatoria, que pon de manifesto cando menos a negligencia na forma de contratación dunha empresa que se soporta basicamente e por distintos medios en recursos públicos. Con base no anterior formula as seguintes preguntas: ¿Que responsabilidades vai asumir a Deputación de Ourense ante a anulación da adxudicación da estación de esquí de Manzaneda? ¿Por que desde o Consello de Administración de MEISA conformado por Xunta de Galicia e Deputación de Ourense se favoreceu unha empresa en concreto? ¿En que situación queda agora a xestión da estación de esquí de Manzaneda? ¿Existiu algunha razón de carácter político ou outro descoñecido para a opinión pública, para un procedemento de adxudicación tan escurantista? E ¿cal foi a secuencia de prazos? ¿Onde se fixo a licitación e onde foi publicada, se chegou a selo? ¿Cal foi o prazo de adxudicación e a tramitación desta en caso de existir? ¿Faranse públicos pola Deputación de Ourense como parte fundamental do Consello de Administración de MEISA os pregos de condicións económicas así como os informes previos á adxudicación? ¿Asumiranse responsabilidades políticas derivadas da nefasta xestión do procedemento de adxudicación da estación de montaña de Manzaneda e as súas consecuencias? ¿Desenvolverase unha auditoría

independente sobre o procedemento de adxudicación da xestión da estación de montaña de Manzaneda do ano 2020 así como da situación económico-financeira da estación? ¿Remítirase ao pleno da Deputación a documentación referente a esta adxudicación para coñecemento e estudo dos grupos con representación na Deputación? ¿Que pasos se seguirán a partir deste momento para garantir a viabilidade e xestión de MEISA?

A Presidencia contesta que trasladada consulta á Asesora Xurídica de MEISA indica: Que a sentenza é recorrible e se vai interpor un recurso, porque houbo un procedemento aberto para adxudicar a xestión e quedou deserto. Presentáronse dúas empresas e unha presentou erroneamente a oferta e a outra ofertou por enriba do prezo máximo permitido: e iso foi o que obrigou a acudir de forma urxente á adxudicación da xestión do xeito que se fixo. A única alternativa que había era pechar a estación, coa conseguinte repercusión nos postos de traballo. A propia sentenza di que a empresa que recorre non tiña dereito a ser adxudicataria nin sequera a participar ( non se presentou ao procedemento aberto cando puido facelo) e non se pon en dúbida en ningún momento na sentenza a capacidade da empresa coa que se formalizou o contrato para executalo. Da sentenza ditada, non firme e recorrible, non se deriva ningunha responsabilidade da Deputación. A declaración de nulidade, so ten como consecuencia volver licitar. Dos pronunciamentos da sentenza ningún atribúe responsabilidade de ningún tipo, so alude a un defecto formal, que determina, a criterio do xulgado, a nulidade. O Consello de Administración de MEISA decidirá sobre a nova licitación. A licitación fíxose en libre concorrència e quedou deserto, polo que conforme ao que prevé a normativa aplicable, se tivo que recorrer á adxudicación por urxencia. A empresa adxudicataria tiña capacidade para selo. A sentenza non é firme, no seu caso procederase a unha nova licitación mediante procedemento aberto. Indícolle novamente que houbo un procedemento aberto con total publicidade ao que se puido presentar calquera empresa, e quedou deserto. Por ese motivo recorreuse á contratación por urxencia, como prevé a normativa de contratación pública para garantir a continuidade da actividade na estación. Os pregos foron publicados na plataforma de contratos públicos de Galicia. A subseguinte contratación por urxencia está directamente vinculada a esta publicación. Os pregos foron publicados na plataforma de contratos públicos de Galicia e o expediente de licitación está sometido á publicidade que prevé a lexislación. Así mesmo foi publicada na WEB da Estación de Manzaneda existente naquel momento. A sentenza non contén ningunha declaración nin formal nin de fondo da que extraer a existencia de irregularidades.

O xulgado xa se pronunciou sobre o procedemento de licitación e igualmente se pronunciará o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en resposta ao recurso que interporá MEISA. O expediente de contratación e demais documentación é de MEISA, que é unha sociedade con personalidade xurídica propia. A viabilidade da Xestión de MEISA está garantida no seu caso, coa empresa que resulte adxudicataria.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta indicando que hai xa un tempo que se avanzou a intención do grupo de goberno de recuperar a xestión pública integral para o consorcio provincial contra incendios e de salvamento. ¿En que punto se atopa a recuperación para o público do servizo? Dado que proximamente caducará a prórroga da concesión da actual empresa xestora ¿estudouse a afección para os traballadores, bombeiros, a nivel laboral?

A Presidencia contesta que se está a realizar polo Servizo de Intervención a memoria valorativa dos custos de xestión directa. Consultado o servizo informa que estará lista no mes de abril. No seu caso, chegado o momento, os servizos xurídicos da Deputación procederán a informar da nova situación xurídico laboral dos empregados. De acordo coa lexislación vixente os traballadores subrogaranse na mesma situación xurídica que teñan nese momento.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Formula o seguinte rogo: Tras varios intentos infrutuosos de obter o expediente de patrimonio da Xunta de Galiza que autoriza ou dá consentimento para a construción do edificio anexo destinado a albergue de peregrinos ao mosteiro de Oseira, xa que da análise do proxecto que está colgado na páxina de contratación da Administración Autonómica non fomos quen de visualizar elementos fundamentais de carácter patrimonial para a súa análise. Da visita que realizamos ao dito espazo resulta dificilmente entendible que existindo unha edificación de máis de corenta e dous mil metros cadrados construídos, co carácter patrimonial que atesoura o Mosteiro de Oseira, e que en boa medida se atopan sen uso e precisan dun lóxico mantemento. Se poida chegar a inferir, que era preciso recorrer a unha edificación de nova planta rematada en formigón visto, que lles podo aseverar que se atopa a menos de 20 metros da propia edificación monacal, para dar servizo aos peregrinos que poidan precisar

alojamento. Resultando obvio que en calquera caso para os usuarios da instalación tería un maior empaque o uso da edificación monacal adaptándoa a estes usos, como así ocorre co albergue xa preexistente e recentemente remodelado. Rogamos que na comisión de Patrimonio Provincial se inicie un procedemento que permita avaliar o cumprimento da legalidade e idoneidade do proxecto mencionado.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Formula o seguinte rogo: Rogamos á Presidencia desta institución que se teña a mesma sensibilidade que semella se está a ter coa axuda aos refuxiados de Ucraína, sen dúbida tan necesaria, (aínda que aquí debemos sinalar que as competencias da UE, o Estado Español e a propia Xunta dificilmente poderán ser abrangidas polas entidades locais), con iniciativas solidarias cos demais pobos oprimidos do mundo. E singularmente co pobo Saharai, que leva décadas loitando polo seu dereito á soberanía e a vivir nos seus territorios históricos, dentro dos marcos recoñecidos pola ONU e a legalidade internacional. Así entendemos que en xustiza aquelas iniciativas municipais que ben directamente ou a través do Fondo Galego de Cooperación se desenvolvan a prol da poboación civil do Sahara (algúns deles aínda con DNI español) agardamos sexan acompañadas dun xeito efectivo por esta Administración Provincial.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Formula o seguinte rogo: Ante a situación xerada polas intervencións na estrada OU-0509 que dá acceso ao viario que conduce ao mosteiro de San Pedro de Rochas. Solicitamos á Deputación Provincial de Ourense que dentro da comisión de Patrimonio, creada o mes pasado, se estude singularmente este proxecto desde un punto de vista estritamente técnico. Será obxectivo desta comisión poder extraer conclusións e facelas públicas, tras un debate dos informes técnicos que avalan as posturas encontradas, e deste xeito poder acoutar unha información clarificadora sobre o estado actual deste singular e valioso patrimonio arqueolóxico e cultural que atesoura a Ribeira Sacra, e as posibles incidencias da obra programada. Con este fin solicitamos que se lles dea voz ante a comisión aos diferentes técnicos e especialistas que teñen intervindo en informes sobre o patrimonio natural e arqueolóxico do proxecto anteriormente sinalado.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Formula o seguinte rogo: Como xa se indicou dende o BNG na Comisión de Igualdade, solicitamos iniciar o procedemento para dotar fondos de colaboración cos Servizos Sociais Municipais, co fin de axudar ás familias da provincia que se están a ver aínda máis afectadas socioeconomicamente polas sucesivas crises que nos están golpeando. En moitos casos, as axudas de emerxencia previstas nos orzamentos municipais vanse ver superadas amplamente nun curto prazo de tempo, dada a alza dos prezos da enerxía e tamén dos alimentos e outros recursos básicos. Por iso rogamos que a Deputación Provincial dote a Área de Políticas Sociais e Igualdade desta Deputación, dun fondo extraordinario para colaborar economicamente cos servizos sociais municipais e polo tanto con aquelas familias que máis están a padecer esta crise.

- Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que a importancia da pregunta e para xustificar despois o rogo. Pregunta sobre a votación do punto 5º da orde do día, indicando que na opinión do seu grupo tiña que terse producido doutra maneira. O grupo propoñente tiña que ter elixido se votar a súa proposta orixinal, ou ben a emendada polo propio grupo socialista, entendendo que non cabía logo votar a emenda do grupo popular, e entendemos que non era así, xa que é como se retiramos a nosa moción e se vota a emenda a unha moción retirada. O rogo, para que se eviten estes problemas, é que a través dunha regulación no regulamento orgánico se eviten este tipo de emendas que desvirtúan as propostas e os acordos do pleno.

Outro rogo que realiza é que, sen ánimo de polemizar neste tema, se apoie a todos os concellos que solicitan axuda desta institución para acoller refuxiados ante a catástrofe humanitaria que existe en Europa.

O secretario contesta que debemos partir de que se trata dunha cuestión que non está regulada nin no regulamento orgánico nin na lexislación de réxime local. Sinala que o grupo socialista presenta unha moción ou iniciativa política en tempo e forma, e o grupo popular unha emenda de modificación a esta, tamén presentada en tempo e forma. Posteriormente o grupo socialista presenta unha “emenda á emenda do grupo popular”, que na súa opinión está denominada de xeito incorrecto, xa que as emendas só se poden referir ás mocións, ditames ou proposicións como indica o regulamento orgánico. Por esta razón dáselle a opción ao grupo propoñente de que elixa cal dos dous textos que presentou quere que se someta a votación. Indica que

interpretar que unha moción modificada elimina as emendas anteriores sería inxusto, xa que implicaría que toda moción modificada ás 09.59 horas eliminaría todas as emendas presentadas. Engade que quizás o erro o induciu el mesmo na súa anterior intervención cando aclarou que se o grupo popular quixera modificar o punto terceiro da moción a vía sería a da emenda in voce, e que se estaba referindo a que se o grupo popular quixera modificar ese punto terceiro, pois non ía incluído na moción orixinal e non era coñecido ata hoxe, tería que empregar esa vía. Por último sinala que, en todo caso, o erro ou infracción ven dado porque se votou en primeiro lugar a moción e en segundo lugar a emenda, cando o regulamento orgánico sinala que se debe facer ao revés, en primeiro lugar as emendas e logo a moción, pero que en todo caso considera que estaríamos ante unha irregularidade non invalidante. Para rematar indica compartir a reflexión do voceiro socialista sobre a necesidade de instar unha regulación no regulamento orgánico sobre a tramitación das emendas, como si hai noutras entidades locais e outras institucións.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

### **PEGADA DIXITAL VÍDEO**

Url

<http://depourense.seneca.tv/s/chx8M0RsOHFJ9iBIMdyVe5SMFBSxCpKM9pRGFgwwCs7ZpxgH.wmv>

SHA512

952fbae311ae41659a80c916901c75b39c0ae05aa0480394f66040ab79f98b9ef5d5956  
48f7f6d994dd2c644bf65fa01b00409be0d37e0e9f09f912481d3e711

E, ás 12.55 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

